



## RICHARD ADAMS LOCKE

---

EAST BRENT, REINO UNIDO, 1800 - NEW BRIGHTON, EUA, 1871

O 21 de agosto de 1835, *The New York Sun*, xornal no que traballaba Richard Adams Locke, anunciou que o famoso astrónomo John Herschel –por entón no observatorio de Cidade do Cabo (Sudáfrica)– fixera sensacionais descubrimentos que o diario pronto revelaría. Catro días despois comezou unha delirante serie de seis artigos na que se relataban os supostos descubrimentos que Herschel, alleo a todo, faría na Lúa: vexetación, auga, unicornios ou castores intelixentes eran só preparativos para o grande anuncio de que se atoparan seres alados que ben poderían pasar por humanos. Miles de persoas creron a «grande broma da Lúa» e a tiraxe do diario disparouse. Formado en Cambridge, editor –publicara a Poe– e escritor de ciencia ficción, Locke nunca recoñeceu a autoría da información que lle deu a fama e que fora atribuída a un falso colaborador de Herschel. Ao parecer, a súa idea era ridiculizar estudos da época, supostamente serios, que afirmaban a existencia de vida selenita. Os ecos desta polémica aínda permanecían vivos cando os viaxeiros de Verne albiscaron a cara oculta do noso satélite en *Arredor da Lúa*.

---

EAST BRENT, REINO UNIDO, 1800 - NEW BRIGHTON, EE. UU., 1871

El 21 de agosto de 1835, *The New York Sun*, periódico en el que trabajaba Richard Adams Locke, anunció que el famoso astrónomo John Herschel –por entonces en el observatorio de El Cabo (Sudáfrica)– había hecho sensacionales descubrimientos que el diario pronto revelaría. Cuatro días después comenzó una delirante serie de seis artículos en la que se relataban los supuestos descubrimientos que Herschel, ajeno a todo, habría hecho en la Luna: vegetación, agua, unicornios o castores inteligentes eran solo preparativos para el gran anuncio de que se habían encontrado seres alados que bien podrían pasar por humanos. Miles de personas creyeron la «gran broma de la Luna» y la tirada del diario se disparó. Formado en Cambridge, editor –había publicado a Poe– y escritor de ciencia ficción, Locke nunca reconoció la autoría de la información que le dio la fama y que había sido atribuida a un falso colaborador de Herschel. Al parecer, su idea era ridiculizar estudios de la época, supuestamente serios, que afirmaban la existencia de vida selenita. Los ecos de esta polémica aún permanecían vivos cuando los viajeros de Verne atisbaron la cara oculta de nuestro satélite en *Alrededor de la Luna*.



## CAMILLE FLAMMARION

---

MONTIGNY-LE-ROI, FRANCIA, 1842 - JUVISY-SUR-ORGE, FRANCIA, 1925

Nicolas Camille Flammarion foi un dos máis destacados astrónomos da súa época. En 1858 comezou o seu labor no Observatorio de París e en 1883, cos beneficios que lle produciron as súas obras divulgativas, auténticos best sellers do momento, fundou un propio en Juvisy-sur-Orge. Entre os seus traballos destacan *A pluralidade dos mundos habitados* (1862), *Historia do ceo* (1867) e, sobre todo, *Astronomía popular* (1880), que se reimprimiu durante décadas e se traduciu a multitude de idiomas. Citado como autoridade en varias obras de Verne, o seu grande labor científico –recoñecido con dous cráteres Flammarion na Lúa e Marte, ademais dun asteroide– incluíu o estudo das estrelas dobres, do planeta Marte e a proposta dos nomes, que logo se aceptarían, para unha lúa de Neptuno (Tritón) e outra de Xúpiter (Almatea). Ademais, interesouse profundamente polo espiritismo, ata o punto de que a súa crenza na vida no máis alá rematou confundíndose coa súa fe na vida extraterrestre. Tal era o seu prestixio, que a súa advertencia en 1910 de que atravesar a cola do cometa Halley envelenaría a atmosfera desencadeou unha psicose xeral.

---

MONTIGNY-LE-ROI, FRANCIA, 1842 - JUVISY-SUR-ORGE, FRANCIA, 1925

Nicolas Camille Flammarion fue uno de los más destacados astrónomos de su época. En 1858 comenzó su labor en el Observatorio de París y en 1883, con los beneficios que le produjeron sus obras divulgativas, auténticos best sellers del momento, fundó uno propio en Juvisy-sur-Orge. Entre sus trabajos destacan *La pluralidad de los mundos habitados* (1862), *Historia del cielo* (1867) y, sobre todo, *Astronomía popular* (1880), que se reimprimió durante décadas y se tradujo a multitud de idiomas. Citado como autoridad en varias obras de Verne, su gran labor científica –reconocida con sendos cráteres Flammarion en la Luna y Marte, amén de un asteroide– incluyó el estudio de las estrellas dobles, del planeta Marte y la proposición de los nombres, que luego se aceptarían, para una luna de Neptuno (Tritón) y otra de Júpiter (Almatea). Además, se interesó profundamente por el espiritismo, hasta el punto de que su creencia en la vida en el más allá terminó confundíndose con su fe en la vida extraterrestre. Tal era su prestigio, que su advertencia en 1910 de que atravesar la cola del cometa Halley envenenaría la atmósfera desencadenó una psicosis general.



## GEORGES MÉLIÈS

---

PARÍS, FRANCIA, 1861-1938

Amante das sombras chinesas, a lanterna máxica e a fantasmagoría, lector voraz das aventuras de Xulio Verne, Georges Méliès rexeitou herdar o negocio familiar para dedicarse ao ilusionismo. En canto coñeceu o cinematógrafo, quixo poñer o novo invento –no que vía infinitas posibilidades– ao servizo da súa desbordante creatividade. Grazas a Méliès, o cinema superou o mero rexistro documental e internouse na ficción e a fantasía. O chamado «mago do cinema» foi un prolífico innovador e creador de efectos especiais fundamentais como o *stop trick*, as exposicións múltiples, o *time lapse*, as disolucións de imaxes e os fotogramas coloreados a man. Realizou preto de cincocentas películas. Dúas das máis recordadas, *Viaxe á Lúa* (1902) e *A viaxe imposible* (1904), inspíranse nas novelas de Verne. Tras a Primeira Guerra Mundial, o público perdeu o gusto pola fantasía e o humor propios de Méliès. O cineasta arruinouse e, desesperado, queimou o seu estudio, os seus decorados e as súas películas e dedicouse a vender lambetadas e xoguetes nunha pequena tenda da estación de Montparnasse. En 1928, o director do semanario *Ciné-Journal* recoñeceuno e organizou unha homenaxe a esta figura clave do cinema inxustamente esquecida.

---

PARÍS, FRANCIA, 1861-1938

Amante de las sombras chinescas, la linterna mágica y la fantasmagoría, lector voraz de las aventuras de Julio Verne, Georges Méliès rechazó heredar el negocio familiar para dedicarse al ilusionismo. En cuanto conoció el cinematógrafo, quiso poner el nuevo invento –en el que veía infinitas posibilidades– al servicio de su desbordante creatividad. Gracias a Méliès, el cine superó el mero registro documental y se adentró en la ficción y la fantasía. El llamado «mago del cine» fue un prolífico innovador y creador de efectos especiales fundamentales como el *stop trick*, las exposiciones múltiples, el *time lapse*, las disoluciones de imágenes y los fotogramas coloreados a mano. Realizó cerca de quinientas películas. Dos de las más recordadas, *Viaje a la Luna* (1902) y *El viaje imposible* (1904), se inspiran en las novelas de Verne. Tras la Primera Guerra Mundial, el público perdió el gusto por la fantasía y el humor propios de Méliès. El cineasta se arruinó y, desesperado, quemó su estudio, sus decorados y películas y se dedicó a vender golosinas y juguetes en una pequeña tienda de la estación de Montparnasse. En 1928, el director del semanario *Ciné-Journal* lo reconoció y organizó un homenaje a esta figura clave del cine injustamente olvidada.



## H. G. WELLS

---

BROMLEY, REINO UNIDO, 1866 - LONDRES, REINO UNIDO, 1946

Considérase que a ciencia ficción naceu como xénero no século XIX grazas á obra de Verne e de Herbert George Wells. Ao contrario que o francés, xeralmente máis preocupado polo mero entretemento, Wells concibiu o seu traballo como unha forma de expoñer as súas teses políticas: cuestións como a loita de clases, formulada en *A máquina do tempo*; o imperialismo, en *A guerra dos mundos*, ou os perigos de tomar a ciencia como relixión, en *O home invisible* e *A illa do doutor Moreau*. De orixe humilde e autodidacta, combinou estas obras con outras de vocación social, interese moi vinculado á súa pertenza á Sociedade Fabiana, xerme do Partido Laborista. En *Os primeiros homes na Lúa* abordou, ao igual que Verne, o noso satélite pero, lonxe da obsesión pola verosimilitude do francés, resolvía a forma de transporte cunha substancia imaxinaria, a cavorita, de propiedades antigravitatorias. Verne, quen recoñeceu sempre a calidade literaria de Wells, deixou constancia de que non aprobaba a súa forma de sortear as cuestións técnicas. Sen dúbida, a combinación da obra de ambos os dous autores traza un completo retrato do apaixonante e contradictorio espírito do século XIX e principios do XX.

---

BROMLEY, REINO UNIDO, 1866 - LONDRES, REINO UNIDO, 1946

Se considera que la ciencia ficción nació como género en el siglo XIX gracias a la obra de Verne y de Herbert George Wells. Al contrario que el francés, generalmente más preocupado por el mero entretenimiento, Wells concibió su trabajo como una forma de exponer sus tesis políticas: cuestiones como la lucha de clases, planteada en *La máquina del tiempo*; el imperialismo, en *La guerra de los mundos*, o los peligros de tomar la ciencia como religión, en *El hombre invisible* y *La isla del doctor Moreau*. De origen humilde y autodidacta, combinó estas obras con otras de vocación social, interés muy vinculado a su pertenencia a la Sociedad Fabiana, germen del Partido Laborista. En *Los primeros hombres en la Luna* abordó, al igual que Verne, nuestro satélite pero, lejos de la obsesión por la verosimilitud del francés, resolvía la forma de transporte con una sustancia imaginaria, la cavorita, de propiedades antigravitatorias. Verne, quien reconoció siempre la calidad literaria de Wells, dejó constancia de que no aprobaba su forma de sortear las cuestiones técnicas. Sin duda, la combinación de la obra de ambos autores traza un completo retrato del apasionante y contradictorio espíritu del siglo XIX y principios del XX.



## JACQUES OFFENBACH

---

COLONIA, ALEMANIA, 1819 - PARÍS, FRANCIA, 1880

Offenbach era fillo dun cantor da sinagoga de Colonia que adoptou o nome da súa cidade natal, Offenbach am Rhein. De neno destacaba polo seu dominio do violín e o violonchelo, motivo polo que o seu pai decidiu que estudase no Conservatorio de París, institución que abandonaría ao pouco tempo ao aceptar un emprego na orquestra da Opéra Comique. Offenbach é o principal representante do nacemento e consagración da opereta nas súas diversas denominacións: *opéra bouffe*, *opéra féerie*, *vaudeville*, *musiquette*, etc., xénero para o que chegou a compoñer 102 obras escénicas. Tras o enorme éxito que Xulio Verne lograra en 1874 coa adaptación da súa *Volta ao mundo en oitenta días*, no teatro de Porte-Saint-Martin, Offenbach musicou, un ano máis tarde, un libreto inspirado nas súas novelas lunares, baixo o título *Le Voyage dans la Lune*. A obra, que foi un verdadeiro acontecemento, non escatimou recursos: 24 decorados maxestosos, 673 traxes, trucos e animais en escena. Xulio Verne foi a vela e molestouse ao comprobar as similitudes cos seus libros. En 1877, Offenbach comporía *O doutor Ox*. Esta vez contaba co permiso do seu autor.

---

COLONIA, ALEMANIA, 1819 - PARÍS, FRANCIA, 1880

Offenbach era hijo de un cantor de la sinagoga de Colonia que adoptó el nombre de su ciudad natal, Offenbach am Rhein. De niño destacaba por su dominio del violín y el violonchelo, motivo por el que su padre decidió que estudiara en el Conservatorio de París, institución que abandonaría al poco tiempo al aceptar un empleo en la orquesta de la Opéra Comique. Offenbach es el principal representante del nacimiento y consagración de la opereta en sus diversas denominaciones: *opéra bouffe*, *opéra féerie*, *vaudeville*, *musiquette*, etc., género para el que llegó a componer 102 obras escénicas. Tras el enorme éxito que Julio Verne había logrado en 1874 con la adaptación de su *Vuelta al mundo en ochenta días*, en el teatro de la Porte-Saint-Martin, Offenbach musicó, un año más tarde, un libreto inspirado en sus novelas lunares, bajo el título *Le Voyage dans la Lune*. La obra, que fue un verdadero acontecimiento, no escatimó recursos: 24 decorados majestuosos, 673 trajes, trucos y animales en escena. Julio Verne fue a verla y se molestó al comprobar las similitudes con sus libros. En 1877, Offenbach compondría *El doctor Ox*. Esta vez contaba con el permiso de su autor.